

## Boletín CITMAGA Nº 11-2022

### –Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia– (21/09/2022)

Seminarios, xornadas e outros eventos .....	2
Convocatorias .....	4
Convocatoria Bolsas Explora .....	5
Ofertas de emprego .....	6
Outras novas de interese .....	7
CITMAGA en Medios .....	8

### Información da dirección

Prezadas compañeiras e compañeiros,

Despois dun final de curso intenso, no que dende o CITMAGA presentamos á Secretaría Xeral de Universidades a documentación para solicitar a aprobación do CITMAGA como centro de investigación do Sistema Universitario de Galicia (Orde do 26 de marzo de 2021), retomamos agora a nosa actividade!

Como sabedes, esta semana publicouse na nosa páxina web a convocatoria das Bolsas EXPLORA de iniciación á investigación para alumnado de máster no CITMAGA. O prazo de presentación de candidaturas é do 20 ao 24 de setembro e o período de realización será o mes de outubro. Tamén se vos remitiu información para a oferta de temas. Contamos coa vosa colaboración!

E finalmente, informarnos de que xa non queda nada para a [G-NIGHT: Noite europea das Persoas Investigadoras en Galicia](#) que se celebrará o 30 de setembro nas cidades máis importantes galegas, CITMAGA estará representado en Ferrol, Santiago, e Vigo. Tedes máis información sobre o evento na seguinte sección do boletín.

*Un saúdo moi cordial.*

*Rosa M. Crujeiras, Directora Científica (en funcións)*

*Javier Roca, Director Adxunto de Transferencia (en funcións)*

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

## Seminarios, xornadas e outros eventos

### G-NIGHT: NOITE EUROPEA DAS PERSOAS INVESTIGADORAS EN GALICIA.



G-NIGHT 2: O último venres de setembro de 2022, o día 30, celebrarase na Coruña, en Ferrol, en Santiago, en Lugo, en Pontevedra, en Vigo e en Ourense a “G-NIGHT: noite europea das persoas investigadoras”, un proxecto divulgativo no que colaboran as tres universidades, o CESGA, CITMAGA e outros organismos de investigación. Esta xornada xirará arredor dun amplo programa baixo o lema “Conciencias Creativas”. Dende o CITMAGA participaremos con charlas breves no ciclo “Matemáticas para a Terra, o mar e a vida” e nos Obradoiros realizados na UDC en colaboración con

CITMAGA que levan por título *“Camiños curtos, camiños rápidos e camiños imposibles”*.

“Matemáticas para a Terra, o mar e a vida”: ciclo de charlas sobre divulgación científica e investigación en matemáticas para poñer en valor esta ciencia ou disciplina para espertar novas vocacións matemáticas nos máis novos (na mocidade). Charlas curtas de 15-20 minutos de duración. As charlas en Santiago de Compostela, terán lugar no Salón de Graos do Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, as charlas en Vigo serán na Praza do Berbés no Edificio Redeiras, estas charlas serán en salas habilitadas para a G-NIGHT neses edificios, a partir das 18:00 h do venres 30 de setembro. Todas as charlas poderanse ver *“in situ”* desde ambas localizacións. Ademais, o CITMAGA realizará obradoiros en colaboración coa UDC na cidade de Ferrol, os cales se celebrarán no Campus de Esteiro.

A Noite Europea das Persoas Investigadoras é un evento de divulgación científica que se celebra de maneira simultánea en cidades de toda Europa o último venres de setembro. O persoal investigador é o protagonista, mostrando a diversidade da ciencia e tecnoloxía e o seu impacto na vida da cidadanía. Toda a información está dispoñible na nosa [web](#) e na web da xornada G-NIGHT: <https://gnight.gal/>

**Consortio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

PROGRAMA G-NIGHT 2022



📅 30 Setembro, Santiago de Compostela.  
📍 Salón de graos do Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro. Santiago de Compostela.  
Programa completo [👉 CITMAGa G-NIGHT](#)  
Relatores: M<sup>a</sup> José Ginzo Villamayor, María Isabel Borrajo García, Tomás Otero Casal



📅 30 Setembro, Vigo.  
📍 Edificio Redeiras, Praza do Berbés, Vigo.  
Programa completo [👉 CITMAGa G-NIGHT](#)  
Relatores: Juan Vidal Puga, Sara Recondo.



📅 30 Setembro, Ferrol.  
📍 Campus Esteiro, Ferrol.  
Programa completo [👉 CITMAGa G-NIGHT](#)  
Relatores: Miguel Brozos Vázquez, Marco A. Campo Cabana, María José Pereira Sáez, María José Souto Salorio, Ana D. Tarrío Tobar.

SYMMETRY AND SHAPE.

Persoal investigador vinculado ao CITMAGa forman parte do Comité Científico deste congreso que se celebrará en Santiago de Compostela, do 13 ó 16 de outubro.

📅 13-16 Outubro, Santiago de Compostela.

📍 Aula Magna da Facultade de Matemáticas da USC.

Máis información dispoñible na web do congreso [👉 Symmetry and shape \(preme aquí\)](#)

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

## Convocatorias

**SE TES INTERESE EN CONCORRER A ESTAS OU OUTRAS CONVOCATORIAS, CONTACTA COA UNIDADE DE INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE MATEMÁTICA Á INDUSTRIA (ITMATI) DE CITMAGA:**  
[itmati@itmati.com/sebastian.bouzas@citmaga.gal](mailto:itmati@itmati.com/sebastian.bouzas@citmaga.gal)

- Durante o último trimestre de 2022 está prevista a publicación das primeiras convocatorias de proxectos **INTERREG** para a novo período 2021-2027 dos programas **POCTEP**, **Atlantic Area** e **Sudoe**. Se é do teu interese participar nestas convocatorias, é fundamental comezar a traballar no deseño dunha proposta de proxecto e creación de partenariado, xa que unha vez publicadas as convocatorias o tempo de presentación de solicitudes adoita ser tan só un mes.

Achegamos nas ligazóns as versións dos diferentes programas (final para **POCTEP** e borradores para **Atlantic Area** e **Sudoe**). Nestes documentos pódese atopar información relativa ás prioridades de inversión e unha orientación do tipo de accións a financiar en cada programa. As datas estimadas de publicación das primeiras convocatorias son:

- **POCTEP**: Último trimestre de 2022
- **Atlantic Area**: Sen información dispoñible polo momento (evento de lanzamento do novo programa o 29/09/2022)
- **Sudoe**: Último trimestre de 2022 (poden atopar aquí as presentacións do seminario de pre-lanzamento do programa)

📁 Poden atopar mais información de cada programa nas respectivas webs: **POCTEP**, **Atlantic Area** e **Sudoe**.

- En breve está prevista a publicación da convocatoria da Xunta de Galicia da **II edición do programa de Doutoramento Industrial**. Dende CITMAGA podemos colaborar na promoción de proxectos contactando coas nosas empresas colaboradoras.

📁 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).

- **Bolsas Posdoutorais– Junior Leader 2023 de Fundación “A Caixa”**. CITMAGA apoia, como *Institución de Acolida* (HI), a todos os investigadores que desexen, nesta convocatoria, presentar a súa candidatura na modalidade **Retaining**. Trátanse de 15 bolsas posdoutorais para persoas investigadoras de calquera nacionalidade para desenvolver un Proxecto de Investigación nas disciplinas STEM (ciencias da vida, tecnoloxía, enxeñería, matemáticas). Entre os requirimentos, as persoas candidatas deben: ter residido en España mais de 12 meses nos últimos 3 anos; ter obtido o título de doutoramento no período 07/10/15 - 07/10/20; e ter feito unha estada mínima de 6 meses durante o seu doutoramento ou na etapa posdoutoral.

As bolsas cobren un salario de ata 44.300 € ao ano ata 3 anos, e custos de investigación (inscricións a congresos, contratación de persoal para o proxecto, viaxes). Se coñeces a alguén que cumpra co perfil e que estivera interesada/o en unirse ao CITMAGA, non dubidedes de contactar connosco para facilitarlle apoio e a carta de Declaración de Interese como HI.

Prazo: 07/10/2022

📁 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).

- **COST Action.** Unha acción COST é unha rede de investigación interdisciplinaria que reúne a investigadores e innovadores para investigar un tema da súa elección durante 4 anos. O financiamento cobre os gastos das actividades de creación de redes máis que de investigación e, como tal, utilízase para organizar reunións, escolas de formación, misións científicas de curta duración e outras actividades de creación de redes.  
Prazo: ata o 20/10/2022.  
📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).
- **Servizo de revisión e análise propostas convocatoria ERC-2023-Starting Grants (Programa Oportunius).** Dentro das actividades do Programa Oportunius, orientado a incrementar a participación galega nos programas do European Research Council - ERC, a Axencia Galega de Innovación ten dispoñible un servizo de revisión e análise de propostas para as convocatorias do ERC. Este servizo Oportunius está dispoñible no apartado candidatos ERC da súa páxina web para a convocatoria Starting Grants 2023: <http://gain.xunta.gal/artigos/384/impulso+da+oportunidade+erc>.  
Prazo: aberto entre o 12/07/2022 e o 25/10/2022.  
📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).
- **Consolidación investigadora da Agencia Estatal de Investigación (AEI).** En outubro deste mesmo ano, 2022, está prevista a publicación dunha nova convocatoria destinada á incorporación estable de persoal investigador ó Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación (SECTI)  
Prazo: por definir  
📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).
- **MSCA – Doctoral Networks**  
Proposta en consorcio para promover doutoramentos.  
Prazo: 15/11/22  
📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).
- **Planificación das convocatorias 2022 da Agencia Estatal de Investigación (AEI).** A Agencia Estatal de Investigación (AEI) actualizou a planificación das súas convocatorias 2021-2022 a xuño de 2022. O documento cobre as convocatorias 2022 que aínda non se resolveron, e as convocatorias que se esperan publicar do mes de outubro de 2022 en diante, documento actualizado a xuño de 2022.  
📄 Información Convocatorias: pódese ver o documento ([preme e aquí](#))
- **Planificación das convocatorias para o ano 2022 da Axencia Galega de Innovación.** Publicada a planificación para o ano 2022 das axudas da Axencia Galega de Innovación.  
📄 Información Convocatorias: podes atopalo premendo en [MAPA DE APOIOS 2022](#).

## Convocatoria Bolsas Explora

Convocatoria “Bolsas Explora” para a iniciación á investigación para alumnado de mestrado no Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia – CITMAGA.

CITMAGA, co obxecto de configurar a súa estratexia de captación de talento a todos os niveis, lanza esta segunda convocatoria de BOLSAS EXPLORA co obxecto de fomentar a iniciación á investigación de

estudantado de máster, realizando prácticas formativas no marco da Axenda Científica M4 do CITMAGA, que se pode consultar neste enlace da páxina web do CITMAGA.

O obxecto das bolsas Explora é o de fomentar a iniciación á investigación mediante a atracción de estudantado de máster interesado na realización de prácticas formativas no marco da Axenda Científica M4 do CITMAGA.

As persoas beneficiarias terán asignado un tema de investigación nunha das áreas de investigación da Axenda Científica M4, que seleccionarán dunha lista de temáticas ofertadas no momento de aceptación da bolsa. O alumnado participante no programa iniciárase na investigación na temática asignada, podendo participar nas actividades que se organicen no centro.

O programa de bolsas contará coa supervisión dunha persoa investigadora vinculada ao CITMAGA das universidades do SUG.

### Información da convocatoria

[CONVOCATORIA “BOLSAS EXPLORA” \(GAL\): Resolución da Dirección Científica, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas para a iniciación á investigación para alumnado de máster no Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia - CITMAGA \(Publicada 19/09/2022\)](#)

### Características das bolsas

As prácticas formativas que son obxecto destas bolsas terán unha duración dun mes e desenvolverase do 1 ao 31 de outubro de 2022.

### Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

As bases e a convocatoria publicaranse na web do CITMAGA. O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación na web do CITMAGA e rematará aos 5 días naturais a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Prazo de presentación: ata o 24 de setembro as 23:59 h

## Ofertas de emprego

As nosas ofertas de emprego poden consultarse en: <https://citmaga.gal/procesos-seleccion-personal>. Ofertas de emprego en proceso de resolución:

- [CITMAGA-OT-23/2022 - 1 contrato como investigador/a colaborador/a na área de Investigación e Transferencia “Competitividade Industrial” dentro do programa de investigación “Modelización matemática para a industria” e na liña de investigación “Modelado, simulación numérica, optimización e control de problemas da ciencia e da industria” \(Contrato de substitución para a cobertura de posto por permiso de nacemento e coidado de menor\)](#)

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

- [CITMAga-OT-22/2022 - 1 contrato como investigador/a colaborador/a no marco do programa propio de investigación do CITMAga, na área de Investigación e Transferencia “Ciencia e Coñecemento” dentro do programa de investigación “Análise matemática de datos” e na liña de investigación “Tecnoloxía matemática para a análise de datos”.](#)

## Outras novas de interese

[EU-MATHS-IN OpenDesk](#): Do 20 ao 24 de setembro de 2022 terá lugar o lanzamento oficial de EU-Maths-IN OpenDesk, unha plataforma de apoio a novas empresas europeas creada no contexto da Rede Europea de Servizos Matemáticos para a Industria e a Innovación (EU-MATHS -IN). O evento OpenDesk, está dirixido a directivos de empresas, start-ups e administracións públicas, e servirá de sinal de partida para este innovador servizo. Máis información sobre a plataforma e o evento na súa [web](#).

[Premios ICIAM 2023](#): Os gañadores dos premios ICIAM 2023 foron anunciados polo Comité de Premios da ICAM 2023. Destacamos que Alfredo Bermúdez (investigador vinculado ó CITMAga), formou parte de dito comité e presidiu o Subcomité do Premio Pioneiro. Os premios ICIAM son premios patrocinados polo Consello Internacional de Matemáticas Industriais e Aplicadas que se dividen en diversas categorías: o Premio Collatz para profesionais matemáticos aplicados menores de 42 anos, o Premio Pioneiro para os traballos matemáticos aplicados nun novo campo, o Premio Maxwell premiando a orixinalidade nas matemáticas aplicadas e o premio Su Buchin dedicado ós perfís con destacadas contribucións ás economías emerxentes e o desenvolvemento humano. Podes ver os gañadores nas diferentes categorías na súa [web](#).

[“V Concurso de Modelización Matemática”](#): O Instituto de Matemática Interdisciplinar (IMI) da Universidad Complutense de Madrid, no seu esforzo por promover a investigación e o ensino das matemáticas a nivel universitario, organiza o seguinte concurso, destinado a estimular ós estudantes a emprender tarefas de modelización matemática.

Na súa convocatoria de 2022, o Vicerreitorado de Estudantes da UCM e a Sociedade Española de Matemática Aplicada (SEMA) colaboran e patrocinan o concurso, xunto ó IMI.

Nesta convocatoria, o concurso esténdese a estudantes matriculados no curso 2022-23 (o último curso vixente en cada universidade) nun grado das seguintes universidades participantes: Universidad Autónoma de Madrid, Universidad Carlos III, Universidad Complutense de Madrid, Universidad de Alcalá, Universidad de Buenos Aires, Universidad de Chile, Universidad de Murcia, Universidad de Oviedo, Universidad de Salamanca, Universidad de Sevilla, Universidad de Valladolid, Universidad Nacional Autónoma de México, Universidad Politécnica de Madrid, Universidad Rey Juan Carlos, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de São Paulo, Universitat de Barcelona, Universitat Jaume I y Universitat Politècnica de València.

A información do evento estará dispoñible na súa [web](#).

**Consorcio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**  
[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1  
Rúa de Constantino Candeira s/n.  
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.  
[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

*Día Internacional das Mulleres en Estatística e Ciencia de Datos (IDWSDS, International Day of Women in Statistics and Data Science)* terá lugar o próximo día 11 de Outubro de 2022 (segundo martes de Outubro), cun primeiro evento anual. Podedes visitar a páxina web <http://www.idwsds.org/> onde irá aparecendo máis información. Este día servirá como visibilización e motivación para as mulleres Estatísticas.

*Clúster TIC Galicia: Cursos técnicos e de xestión gratis para empregados do sector TIC.* Froito do convenio asinado entre o Clúster TIC e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, calquera persoa activa de Galicia (empregada, por conta allea ou autónomos, ou desempregada) pode beneficiarse dunha ampla lista de cursos. A grella foi deseñada especificamente polo Clúster TIC para traballadores deste sector e son dun alto valor de contidos e docentes. Os requisitos para poder realizar calquera dos cursos é ser unha persoa activa (empregado nunha empresa con sede en Galicia ou nun centro de traballo en Galicia se a empresa non é galega, ou ser desempregado e estar dado de alta no Servizo Galego de Colocación).

No seguinte enlace <https://formacion.clusterticgalicia.com/> cursos pódese consultar toda a grella formativa que está ofertada. Os cursos da columna da esquerda son en modalidade de Aula Virtual, en directo nuns horarios determinados, pero a distancia, os da columna da dereita son en modalidade de teleformación, hai un prazo establecido para poder executalos, de forma asíncrona o alumno marca o seu horario.

## CITMaga en Medios

- *“A Lalín se le abren los cielos”.* Nova publicada no Diario Faro de Vigo o 20 de agosto do 2022.